




RISCOS

- Exposición a contactos eléctricos (directos e indirectos).
- Queimaduras producidas por contacto con superficies metálicas quentes, chispas proxectadas, gotas de metal fundido etc.
- Danos oculares:
 - Danos oculares pola penetración de partículas de metal fundido.
 - Danos oculares crónicos como resultado da exposición ao calor e á luz, sobre todo á luz ultravioleta.
 - Irritacións oculares.
- Exposición a fumes de soldadura. Dende unha lixeira coloración (eritemas) ata queimaduras:
 - Intoxicacións agudas (en ocasións mortais) por fósxeno e por outros gases tóxicos formados a temperaturas elevadas.
 - Intoxicación crónica debida á exposición a metais tóxicos presentes en fumes xerados ao soldar (cadmio, cinc etc.).
 - Enfermidades respiratorias.
 - Queratite.
 - Cancros, especialmente de pel.
- Exposición a radiacións.
- Exposición a niveis de ruído excesivo.
- Sobresforzos.
- Incendios e explosións:
 - Incendios como resultado da ignición de substancias inflamables por chispas, chamas, metais candentes.
 - Explosións de po ao soldar en atmosferas explosivas.

MEDIDAS PREVENTIVAS

I. ANTES DE COMEZAR A REALIZAR OS TRABALLOS

- Utilizar soamente equipos de soldadura nos que estea capacitado.
- Revisar a zona de traballo e comprobar a inexistencia de materiais inflamables, zonas ou ocos onde poidan introducirse chispas etc. e a existencia de medios de extinción.
- Apertar perfectamente todas as conexións dos cables ao equipo, especialmente as dúas de saída para soldar.
- Verificar que os cables de conexión non presentan deterioración nos illamentos. Non tocar a fonte de corrente co calzado ou coas mans molladas.
- Comprobar que o equipo está illado.
- Verificar que o equipo ten unha cavilla de conexión adecuada á toma con cable de terra (non conectar nunca os cables pelados á toma).
- Comprobar que o cable de terra está conectado.

REALIZADO	MODIFICADO
<p>Servizo de Prevención de Riscos Laborais</p> <p>Data: 17/09/2008</p>  <p>Asdo.: M.^a José Montero Vilariño</p>  <p>M.^a Carmen Álvarez González</p>	<p>Data: 08-06-2013</p>  <p>Asdo.: M.^a José Montero Vilariño</p>

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 09-08 Páx. 2 de 2	TRABALLOS DE SOLDADURA POR ARCO

- Manter o máis estendidos que se poida os cables durante o traballo para evitar que quenten e se produzan caídas de tensión excesivas.
- Manipular con luvas de protección que estean totalmente secas.
- Asegurarse de que existe unha boa ventilación. Non solde nun espazo reducido sen ventilación adecuada.
- Asegurarse, de traballaren outras persoas na área, de que están avisados e protexidos contra o arco, funes, chispas e outros perigos relacionados coa soldadura.
- Localizar o extintor de incendios máis próximo antes de empezar a soldar.





II. DURANTE O DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

- Utilizar os equipos de protección individual sinalados na ficha.
- Empregar roupa de protección para cubrir todas as partes expostas do corpo, que poderían recibir chispas, salpicaduras quentes e radiación.
- Non traballar se se ten a roupa de traballo sucia, manchada de graxa, combustible etc.
- Non pór a pinza en contacto con calquera parte do corpo. Nunca se debe aprisionar entre as pernas ou a axila.
- Non deixar eléctrodos conectados á pinza cando non se estea soldando, para evitar posibles cortocircuitos e, en consecuencia, avarías na fonte.
- Manter a zona de traballo limpa e ordenada.
- Revisar periodicamente a zona, e en traballos de longa duración comprobar que as condicións iniciais non cambiaron.
- No caso de incendio cortar a corrente de entrada, apagar con extintores de po ou CO₂, nunca utilizar auga para a extinción.
- Utilizar biombos se é posible para protexer a zona da radiación producida polo arco.
- Non dirixir a mirada ás chispas producidas, nin sequera por un instante.

III. AO FINALIZAR O TRABALLO

- Recollerase a pinza ou pistola e desconectarase o equipo da rede eléctrica e dos gases.
- Recollerase o equipo e os medios auxiliares utilizados.
- Non se extraerá a cavilla do enchufe tirando do cable de alimentación.
- Comprobarase a zona, verificando a inexistencia de conatos de incendio ou zonas quentes debidas ao traballo realizado.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

 USO OBRIGATORIO DE LUVAS	 USO OBRIGATORIO DE CARETA DE SEGURIDADE		
--	---	--	---

REALIZADO	MODIFICADO
<p>Servizo de Prevención de Riscos Laborais</p> <p>Data: 17/09/2008.</p> <p style="text-align: right;">Asdo.: M.^a José Montero Vilarinho</p>	<p style="text-align: right;">Data: 08-06-2013</p> <p style="text-align: right;">Asdo.: M.^a José Montero Vilarinho</p>